

FEBREIRO 2021

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Febreiro 2021

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20
VIAXEIROS	1.152.795	-82,1%	40.588	-80,4%
NOITES	2.384.740	-86,5%	97.931	-74,9%
ESTADÍA MEDIA	2,07	-24,2%	2,41	28,0%
% OCUPACIÓN	16,44%	-34,28	10,93%	-16,18
% OCUPACIÓN Fds	18,03%	-41,29	9,59%	-24,64

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

O 25 de outubro do pasado ano 2020 declárase un segundo estado de alarma en todo o estado con restricións de mobilidade, confinamento perimetral e peche gradual da actividade na hostalería en diferentes comunidades autónomas e municipios de España, tamén en Galicia. Este contexto continúa en vigor no segundo mes de 2021, momento no que ademais se acentúa a terceira onda da pandemia e, en consecuencia, se toman medidas restritivas de peche da hostalería e confinamento municipal, entre outras, en toda Galicia desde finais de xaneiro. Tales medidas afectan en maior medida aos resultados en termos de demanda e ocupación deste mes.

Neste contexto o INE estima que en febreiro abriron en Galicia preto de 800 establecementos hoteleiros –dos 1.151 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 31.978 prazas –das 49.341 de febreiro de 2020-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 35%, isto é, neste mes ofertáronse aproximadamente dúas de cada tres prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de febreiro –porcentaxe algo superior á rexistrada nos últimos meses-.

En termos xerais a conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia neste segundo mes de 2021 segue o mesmo patrón observado nos últimos meses do pasado ano 2020 e en xaneiro. No será ata marzo, cando se cumpra un ano das primeiras medidas restritivas de loita contra a pandemia, cando se vexa un cambio de tendencia en termos interanuais. De momento a dinámica mantense estable con caídas tanto no nivel de oferta dispoñible como sobre todo de demanda e ocupación en comparación co mesmo período do pasado ano.

Fixamos a continuación as principais conclusións:

- Comportamento negativo das principais variables de demanda hoteleira de Galicia. Neste mes cae nun 80% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 75% o volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que a nosa comunidade conseguiu recuperar neste mes aproximadamente unha de cada catro noites rexistradas en febreiro de 2020.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda neste segundo mes do ano con preto de 41 mil viaxeiros aloxados e de 98 mil noites –en febreiro de 2020 rexistráranse preto de 390 mil-.

- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de algo máis de 166 mil viaxeiros aloxados e de 292 mil noites en relación ao mes de febreiro do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con fortes caídas da demanda que van do 53% en Navarra a máis do 90% en Baleares e Canarias –comunidades que presentan os descensos máis acusados-. Igual que acontecía nos últimos meses de 2020 e en xaneiro deste ano, e a diferenza do que se observaba en períodos anteriores, as caídas da demanda a nivel territorial teñen un carácter homoxéneo, isto é, as diferenzas entre as comunidades autónomas son menos acusadas do que se apreciaba, por exemplo, no verán ou en setembro. Sirva de exemplo que todas as comunidades autónomas perden máis da metade da demanda rexistrada en febreiro do pasado ano, e que oito destinos rexistran ademais unha caída superior ao 80% interanual.
- Indo ao detalle os destinos de mellor comportamento en termos relativos localízanse no norte e centro peninsular. A continuación de Navarra, que presenta a caída menos acusada, sitúanse Castela A Mancha, Cantabria, Estremadura, Galicia e o País Vasco –todas con descensos entre o 70% e 75% interanual-. Son descensos moi notables pero en todo caso inferiores aos rexistrados en destinos do litoral mediterráneo ou nos arquipélagos de Canarias e Baleares.
- Así pois, a nosa comunidade mantense neste inicio de ano no grupo de comunidades coas caídas menos acusadas –en xaneiro situábase na segunda posición por detrás de Navarra-.
- A nivel global a caída da demanda no conxunto de España sitúase no 86,5% para o número de noites, con preto de 2,4 millóns.
- Madrid –con preto de 460 mil pernoctacións hoteleiras- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –absorbendo o 19,3% do total de España-. Acontece isto por vez primeira na serie histórica de demanda hoteleira non só do mes de febreiro senón de todos os períodos do ano. A situación actual na que destinos tradicionalmente máis notorios como Canarias, Baleares, Cataluña ou Andalucía, entre outros, sofren con maior medida as consecuencias negativas da crise e pasan neste mes de febreiro a unha posición inferior. Habitualmente neste segundo mes do ano –e na temporada baixa en xeral- é Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto do Estado –en febreiro do pasado ano lideraba o ranking estatal cun 30,5% do total-.
- Logo de Madrid, seguen en orde de importancia neste mes xustamente Canarias –con pouco máis de 368 mil pernoctacións-, Cataluña –con 340 mil-, Andalucía –con pouco máis de 336 mil- e a C. Valenciana –con algo máis de 160 mil noites neste caso-. Estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 70% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe repártese no resto do territorio, situándose á cabeza deste segundo grupo Castela e León –con algo máis de 121 mil noites-.
- Galicia ocupa a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 4,1% do total estatal –porcentaxe superior á que habitualmente rexistra a nosa comunidade-.
- En termos de mercado obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con importantes descensos dos tres grandes segmentos –con pequenas diferenzas de intensidade-.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, rexistra unha caída do 77% na cifra de viaxeiros aloxados e do 67% no volume de noites hoteleiras, cifras importantes pero inferiores ás presentadas polos dous restantes segmentos, e semellantes ás que se rexistraban nos últimos

meses do pasado ano –en novembro e decembro, por exemplo, a caída situábase por encima do 60%-. Este descenso supón unha perda de case 99 mil noites en relación ás cifras de febreiro do pasado ano, rexistrando algo máis de 49 mil –a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos.

- O turismo receptor nacional presenta unha forte caída do 80% na cifra de viaxeiros aloxados – rexistrando preto de 18 mil- e do 78% no volume de noites –con preto de 37 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de 133 mil noites en relación ao dato de febreiro do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica. En consecuencia este mercado deixa de ser, por cuarto mes consecutivo, o segmento máis importante representando tan só o 37% do total da demanda agora en febreiro.
- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa na liña do que se vén observando nos últimos doce meses. Rexistra unha caída global do 84% no volume de noites hoteleiras como consecuencia dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 90% neste caso. Con isto o mercado internacional rexistra preto de 12 mil noites nos establecementos hoteleiros de Galicia –en febreiro do pasado ano este segmento achegábase ás 73 mil noites-.
- Tal como se vén observando nos últimos meses, principalmente desde a apertura dos establecementos logo do período de desescalada da primavera pasada, neste contexto negativo cambia a estrutura do mercado turístico galego gañando peso o turismo de proximidade, o interno neste caso –mellora en 12 puntos o seu peso absorbendo o 50% do total, converténdose así no segmento de maior importancia- e perdendo representatividade o turismo receptor tanto nacional –a demanda que procede do conxunto do Estado perde seis puntos- como o internacional –que baixa tamén en seis puntos a súa cuota de mercado ficando no 12%-.
- A nivel territorial o comportamento é tamén negativo, con fortes descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma do volume de noites nas catro provincias galegas. As caídas da demanda son moi parellas e sitúanse no 78% en A Coruña, no 77% en Lugo, no 70% en Ourense e no 71% en Pontevedra –porcentaxes referidas ás pernoctacións-. En termos comparativos é unha vez máis Ourense a provincia que presenta os descensos menos acusados e A Coruña a caída máis notoria, se ben as distancias non son moi destacadas e case se pode falar de comportamento negativo homoxéneo e xeneralizado a nivel territorial. Mantense, por tanto, a dinámica de meses anteriores.
- Con preto de 42 mil noites A Coruña é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda –representa o 42,5% do total de Galicia-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 32% e preto de 32 mil noites-, Ourense –co 13,7% e máis de 13 mil noites- e Lugo –provincia que neste mes se sitúa en último lugar co 11,5% do total e algo máis de 11 mil noites-.
- Neste contexto de caídas da demanda a estadía nos hoteis e pensións de Galicia sobe de forma notable –un 28% en particular- situándose en 2,4 noites de media. É o cuarto mes consecutivo no que se aprecia unha suba notable da estadía media –en novembro e decembro o incremento situábase no 20% mentres que en xaneiro subía ao 34%-, circunstancia que semella propia desta temporada baixa. Desta maneira, o forte crecemento deste mes sitúa o nivel en máximo da serie histórica de febreiro con 2,4 noites –cifra atípica nun contexto tamén atípico-.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición alta no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 3,8 noites de media, mentres que Cantabria rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.

- O forte descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas descendeu un 35% en relación ao dato do pasado ano-. Con todo esta caída é inferior á rexistrada do lado da demanda, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación, de pouco máis de 16 puntos porcentuais, para situarse no 10,9% de media para este mes –en febreiro de 2020, cun volume de oferta superior, rexistrouse unha ocupación media do 27,1%-.
- O descenso do nivel de ocupación atinxe a todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. As caídas son menos acusadas en Navarra e Castela A Mancha –do contorno dos 15 puntos porcentuais- e máis notoria en Canarias –destino no que o nivel de ocupación descende en 53 puntos porcentuais, pasando do 71,9% en febreiro do pasado ano ao 18,9% actual-.
- Desta maneira o ranking varía levemente en relación ao pasado ano. Neste mes é Madrid o destino que rexistra o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 23,9% de media. A continuación sitúase Murcia –cun promedio do 19,6%- . No lado contrario A Ríoxa marca o nivel de ocupación máis baixo, cun 10,3% de media. Neste contexto Galicia rexistra a segunda cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado, mellorando soamente o dato de A Ríoxa.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes, un 17,5% en particular, para situarse en 42,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada. Caen as tarifas por oitava vez consecutiva desde o inicio da pandemia se ben o descenso destes últimos cinco meses é notorio en relación ao observado no verán. En termos interanuais a caída non ten precedentes en termos de intensidade se ben xa se producira no bienio 2012-13 e en 2017 –sempre con porcentaxes máis baixas-.
- Isto leva a que a cifra deste ano se sitúe por segunda vez consecutiva por debaixo dos 45 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Os prezos hoteleiros descenden de forma xeneralizada nas diferentes comunidades autónomas, con diferenzas de intensidade. As caídas son relativamente suaves en Baleares –onde as tarifas medias caen un 7,9%- e tamén en Canarias e Navarra –cun descenso do 10% en ambas-, e moi acusada en Madrid –destino que presenta unha caída medias das tarifas hoteleiras do 35% interanual, porcentaxe equivalente á rexistrada en xaneiro-.
- Con todo as tarifas medias varían sensiblemente dunha comunidade a outra, rexistrando as cifras máis elevadas Canarias –con preto de 96 euros de ingreso medio por habitación ocupada- e nun segundo grupo Cataluña e Baleares –con algo máis de 65 euros neste caso-, e no lado contrario os niveis máis baixos nas comunidades localizadas no noroeste peninsular –Castela e León e Asturias con 45 euros, e Galicia con preto de 43 euros neste caso-. Así pois a nosa comunidade rexistra a tarifa media máis baixa do conxunto do Estado neste mes de febreiro.
- A caída do nivel de demanda e ocupación, engadido ao descenso dos prezos hoteleiros, leva neste mes a un notable empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira no conxunto da comunidade. O RevPAR hoteleiro cae nun 64% situándose en 6,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 22,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de febreiro –se ben cunha cifra notablemente inferior á habitual-. Acontecía o mesmo en xaneiro cunha rendibilidade media similar. No lado contrario marcan o valor máis baixo Estremadura e A Ríoxa –con preto de oito euros- e Galicia -con pouco máis de seis euros neste caso-.

- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo a nivel das comunidades autónomas con caídas xeneralizadas do RevPAR hoteleiro que van do 41% en Navarra –destino de mellor comportamento en termos relativos- ao 74% en A Rioxa. En seis destinos a caída da rendibilidade hoteleira supera o 70% interanual –a C. Valenciana, Madrid, Cataluña, Andalucía, Canarias e A Rioxa-.
- A nivel xeral os establecementos hoteleiros de Galicia rexistraron neste mes de febreiro uns ingresos totais próximos aos 3,8 millóns de euros, cifra obviamente inferior á do mesmo período do pasado ano –cae en realidade nun 73%- , marcando desta maneira o nivel máis baixo da serie histórica deste mes. A perda achégase aos 10,3 millóns de euros en relación ao pasado ano.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Febreiro 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Febreiro 2021




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Febreiro 2021




Fig. 4. Evolución da estadia media. Febreiro 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Febreiro 2011-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Febreiro 2011-21

